




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que o Alcalde con data dez de xullo de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 335 / 2015 **Data decreto:** 10/07/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento persoal por cobertura vacacións na residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a necesidade urxente de nomeamento de auxiliar xerocultor para cobertura da vacacións na Residencia de Boimorto e tendo en conta a non disponibilidad de persoal de bolsas de traballo que foron formadas para estas contratacións de persoal laboral temporal, conforme puntuación mínima a alcanzar fixada nas bases para formación de bolsas.

Visto que hai persoal que non chegando á puntuación mínima para formar parte das bolsas de traballo si que formou alomenos parte dun proceso de selección de persoal laboral temporal, e que por puntuación obtida pode considerarse que se cumpriría na contratación deste persoal laboral temporal cos principios de publicidade, concurrencia, capacidade e igualdade.

Ante a urxencia da contratación e advertido pola Secretaría da necesidade urxente de elaboración e aprobación dunha relación de postos que recolla e ordene os postos que dan cobertura a necesidades permanentes nesta Corporación e da necesidade de selección de persoal laboral fixo e planificación das necesidades de recursos humanos para este Concello.

Por razóns de interese público e atención ós usuarios deste servizo sendo a estas alturas inviable a realización dun novo proceso selectivo que cumpra coa legalidade vixente.

Esta Alcaldía en uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatría a Dna. Marta Rama Villaverde con DNI 46900795T que obtivo, conforme as bases para formación de bolsa de traballo de persoal laboral temporal da miniresidencia e centro de día de Boimorto aprobadas por Decreto 379/2011 de data 11/11/2011, no proceso selectivo a puntuación de 4,85.

SEGUNDO.- Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base oitava á presentación pola interesada de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.
- Currículum actualizado con copia compulsada de todos os títulos.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web

este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 15/07/2015.

Boimorto dez de xullo de dous mil quince

O Alcalde

Perante min:


A secretaria

Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Boimorto a trece de xullo de dous mil quince.

Vº Pr.
O Alcalde



Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

